

Recomendación dirixida ao Concello de Tomiño debido a problemas cunha terraza

Expediente: C.6.Q/12890/16

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de ■ debido a problemas cunha terraza de Tomiño.

ANTECEDENTES

1. Nesa queixa indicaba que na rúa na que reside hai unha terraza ilegal, xa denunciada pola propia policía do concello, que obstaculiza a entrada e saída do garaxe da súa vivenda. Non hai paso de peóns e ademais hai pouco fíxose un cambio de rasante que dificulta aínda máis o acceso á vivenda. Por todo isto solicita a retirada da referida terraza así como a do cambio de rasante. Esta solicitude foi feita xa ao concello en escrito o 6 de maio (entrada 2016/3152), da que achega copia, na que reflicte a suposta ilegalidade desta instalación, as molestias que xera e o perigo potencial que representa.

2. Ante iso requirimos información ao Concello de Tomiño, que nola remitiu. Confirmouse que existe a terraza, que non ten autorización ou concesión de ocupación do dominio público, o que sería preciso á marxe da existencia ou non de ordenanza, e que por esa causa a terraza foi denunciada pola policía local, como sinalaba a queixa. Non se aclaran as molestias tamén denunciadas.

3. Polo anterior de novo dirixímonos a ese concello co fin de requirir que con urxencia se facilitara aclaración. O concello xa nola remitiu e nela sinalase o seguinte:

"... este concello non dispón de ordenanza reguladora de ocupación da vía pública polo que os locais que as teñen instaladas poden seguir en funcionamento, xa que este tipo de ocupación do dominio público (instalación móbiles) prodúcese xeneralmente de forma discrecional y a precario, discrecional porque a administración non ven obrigada a outorgar tal dereito e "a precario" porque se pode revocar en calquer momento e sen dereito a indemnización. Estas ocupacións das terrazas polos cafeterías, restaurantes e bares son un

acto de mera tolerancia por parte da administración e sirven para incentivar a economía, poñendo como exemplo ao concello de Vigo donde aínda existindo ordenanza reguladora, o cobro destas ocupacións é a coste cero, precisamente porque constituen un produto de ocio entre a cidadanía e un elemento moi importante no dinamismo e vitalidade social e económica do espazo público. Non obstante, este concello ante esta circunstancia e ante a inexistencia de normativa local, está estudando a ordenación deste tipo de instalacións. Asimesmo, comunicarlle a ese organismo, que non se ten recibido ningunha outra queixa pola instalación da terraza obxecto da denuncia, por ningún outro veciño do edificio nin dos edificios lindeiros”.

ANÁLISE

1. Como pode apreciarse, o ente local segue sen xustificar unha actuación adecuada en relación co exposto na queixa. En primeiro termo non aclara o aspecto principal da queixa, os prexuízos e/ou molestias denunciadas, respecto das cales o concello é o responsable, dado que se trata dunha ocupación do dominio público. Eses prexuízos aprécianse a primeira vista nas imaxes aportadas, posto que a terraza ocupa a calzada mesmo ao carón da entrada do garaxe e dun paso de peóns. A pesar diso o concello non respondeu ás denuncias do reclamante (ou non se coñece) e non aclara o actuado ante a denuncia da policía local, que se comprobou (informes sobre actuacións ou arquivo ...). O feito de que non se teña recibido ningunha outra denuncia ou queixa non é determinante sobre a licitude ou non do denunciado polo ■.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Tomiño a seguinte recomendación:

Que con urxencia se adopten as medidas precisas avaliar as circunstancias prexudiciais que se denunciaron polo afectado e a policía local en relación coa terraza obxecto desta queixa, e que no seu caso se corrixa, que se aclare o sucedido coa denuncia da policía local (informes ...), e que se responda as denuncias interpostas.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.



Saúdaa atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo